

**ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2018.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:30 horas** do día **18 de outubro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

1.- Aprobación, se procede, das actas correspondentes:

Sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2018, núm. 13.

Sesión extraordinaria e urxente do día 27 de setembro de 2018, núm. 14.

Sesión extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2018, núm. 15.

2.- Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3.- Aprobación provisional da modificación puntual do catálogo do PXOM: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-061(b-c) e D-061 (d).

4.- Aprobación definitiva da modificación puntual do PE-1 para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial.

5.- Aprobación definitiva da modificación do estudo de detalle da parcela N4a01c do quinceiro N do parque empresarial da Sionlla.

6.- Proposta da concelleira delegada de réxime interior sobre determinación de festivos locais para o ano 2019.

7.- Proposta da alcaldía de nomeamento da comisión para a redacción da memoria sobre a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais.

8.- Proposta da alcaldía para solicitar ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a creación da Casa da Lusofonía con sede en Santiago de Compostela.

9.- Aprobación de expediente de suplemento de crédito núm. 2018-SUPLE-05 do orzamento de 2018, por importe de 537.675,82 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda de modificación da base número 18 da execución do orzamento municipal para o ano 2018.

11.- Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora integral do aparcamento e dársena da Avda. Xoán XXIII.

12.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á candidatura de Santiago de Compostela como “cidade creativa do cinema” da Unesco.

13.- Dar conta da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio do ano 2017.

14.- Dar conta de nomeamento de Secretario Xeral do Pleno.

15.- Dar conta da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de títulos, honras e condecoracións.

16.- Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

17.- Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 8 de outubro de 2018, núm. 247.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 8 de outubro de 2018, núm. 250.

Do grupo municipal do BNG de data 9 de outubro de 2018, núm. 255.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 258.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 259.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 260.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 261.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 262.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 263.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do BNG de data 19 de setembro de 2018, núm. 244.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 8 de outubro de 2018, núm. 253.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 9 de outubro de 2018, núm. 254.

18.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 245, presentada polo grupo municipal do BNG, para atallar a situación de acoso que padecen as mulleres no Campus.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 246, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamarlle á Xunta as necesidades de incremento de profesorado no CEIP de Roxos.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 251, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para mellorar o estado do firme dos viais da Ruela e da Travesa de Conxo.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 252, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para recuperar o proxecto do ascensor da Almaciga.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 256, presentada polo grupo municipal do BNG, en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 257, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación dos terreos do antigo campo de fútbol do Valado-Barciela.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 264, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar á Xunta de Galicia á construción dun novo estacionamento público nas inmediacións do CHUS.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 265, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en relación á creación dun centro de tecnificación dos deportes de raqueta en San Lázaro.

Polo Sr.Alcalde se da a benvida ao no interventor xeral do concello que accede ao posto en Comisión de Servizos.

A continuación gárdase un minuto de silencio polas mulleres falecidas por violencia de xénero.

O Sr.Alcalde solicita a inclusión como punto da orde do día da moción relativa a : Aprobación Inicial do Regulamento do Consello Municipal de Accesibilidade.

Sometida esta inclusión a votación, votan a favor da inclusión na orde do día os concelleiros-as dos Grupos C.A, PsdeG-PSOE e BNG (15 votos a favor), producíndose a abstención dos concelleiros do Grupo PP (8), polo que se cumpre o requisito do voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación (artículo 85 do ROM).

A continuación se produce a intervención de acordo ao establecido no artigo 10 do Regulamento de Participación Cidadá de:

- D.Nestor Rego Candamil, en relación coa moción do BNG, en apoio das persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.
- Dña.Esther Martínez Piñeiro en relación coa moción do BNG para reclamarlle a Xunta de Galicia, as necesidades de incremento de profesorado no CEIP de Roxos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES:

Sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2018, núm. 13.

Sesión extraordinaria e urxente do día 27 de setembro de 2018, núm. 14.

Sesión extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2018, núm. 15.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria do día 20 de setembro de 2018; número 13.
- Extraordinaria e urxente do día 27 de setembro de 2018; número 14.
- Extraordinaria e urxente do día 8 de outubro de 2018; número 15.

2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA(PSdeG-PSOE).

Non se presenta.

3.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM:CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-061(CASA EN LAVACOLLA). CREACIÓN DAS FICHAS D-061(a), D-061(b-c) E D-061(d).

O informe emitido pola xefa de sección de Xestión Urbanística,de data 5 de outubro de 2018,ao cal presta a súa conformidade o concelleiro delegado de Espazos Cidadáns,Dereito á Vivenda e Mobilidade, é do seguinte teor literal:

“A Modificación fórmulase de oficio a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística co obxecto de solventar as discrepancias detectadas no Catálogo de bens culturais do PXOM vixente en canto ao elemento D-061 (Casa en Lavacolla)

1. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende:

- Corrixir o erro detectado na ficha de catalogación D-061 (Casa en Lavacolla), en concreto no que atinxe á correcta ubicación ou emprazamento en planos da edificación catalogada.
- Desagregar a ficha de catalogación D-061 en tres fichas independentes –(a) (b-c) e (d), a fin de reflectir de forma separada a protección dos tres conxuntos edificadas na zona (Sabugueira-Lavacolla) que se atopaban incluídos na mesma referencia –D-061- no Catálogo do anterior Plan xeral (PXOU-89).

A modificación afecta ás seguintes parcelas catastrais:

4800401NH4540B0001FL	Lugar da Praza nº 2 (Sabugueira)	061 (a)
4800402NH4540B0000XK	Lugar da Praza nº 3 (Sabugueira)	061 (b)
4800402NH4540B0000IK	Lugar da Praza nº 4 (Sabugueira)	061 (c)
5596603NH4459H0001IK	Lugar de Lavacolla nº 40	061 (d)

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

A medio de Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental de data 27 de setembro de 2017 –publicada no Diario Oficial de Galicia o día 9 de novembro– formulouse o preceptivo informe ambiental estratéxico, declarando non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Neste informe reflíctese o resultado do trámite de participación e de consultas, con referencia aos informes favorables emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo Instituto de Estudos do Territorio e pola Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura.

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal a medio de acordo adoptado o 21 de decembro de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *La Voz de Galicia* do día 13.02.2018 e no Diario Oficial de Galicia de data 19.02.2018

Durante o trámite de participación pública formuláronse dous escritos de **ALEGACIÓNS**, asinados por dona CRISTINA COTÓN ALBOR e don JOSÉ CASAL TATO, propietarios da edificación sita no número 40 de Lavacolla, co contido que deseguido se resume:

- A Modificación contradí a sentenza firme do TSXG de 3 de xullo de 2014, que obriga á administración autonómica a autorizar o derribo da edificación que agora se pretende catalogar (061d), por non estimarse suficientemente acreditado o seu interese para a protección do Camiño de Santiago.

- Non se constata ningunha característica no inmovible que o faga merecedor da súa inclusión no Catálogo, máis alá dunha simple protección ambiental que na actualidade carece de sentido nun contorno descontextualizado.
- O PXOM vixente descatalogou o inmovible probablemente polas anteditas razóns e polo actual estado de deterioro do contorno.

Á vista das alegacións presentadas, procede opoñer as seguintes CONSIDERACIÓNS:

Primeira. A sentenza do TSXG invocada polos alegantes declara que non se aducen pola administración autonómica suficientes razóns que eviten o derribo da construción, e fai especial mención da circunstancia de que no proceso *non se desvirtuou a ausencia de catalogación do edificio (...), lo que se indica a los exclusivos efectos del presente litigio*. É dicir, que o fallo fundamentouse na falta de acreditación fehaciente da catalogación do edificio no marco do litixio en cuestión (PO 4503/2012)

Agora ben, nos informes emitidos que serven de base á presente Modificación, resulta acreditado que na ficha correspondente do Catálogo do vixente PXOM figura a fotografía do edificio en cuestión, apreciándose un erro en canto ao seu concreto emprazamento en planos, erro que é o causante de que no litixio anterior non se tivera detectado a súa catalogación, e que agora pretende emendarse a través do presente procedemento.

O XCA nº 1 de Santiago de Compostela, na sentenza ditada o pasado 14 de setembro de 2018 (PO 418/2016), ordena a suspensión do procedemento de outorgamento da licenza de derribo solicitada polos recorrentes ata tanto non finalice a tramitación da presente Modificación. Cómpre advertir que a dita suspensión xa se produciu, ex lege, por mor da aprobación inicial da dita Modificación, e así foi publicado no Diario Oficial de Galicia de 19.02.2018.

Segunda. No informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural indícase que a edificación propiedade dos alegantes é *“unha vivenda de tipoloxía tradicional que contén en sí mesma valores que a fan merecedora de protección de acordo co artigo 1 da LPCG. Dentro do núcleo de Lavacolla constitúe un exemplo claro de construción tradicional vinculada aos camiños de acceso aos núcleos de poboación”*.

Na memoria do proxecto de Modificación redactado polos Servizos Técnicos Municipais acréditase que non houbo vontade real de descatalogar a construción, xa que a mesma figura claramente reflectida na fotografía da ficha do Catálogo, tratándose en puridade dun erro material á hora de emprazar o elemento catalogado nos planos de ordenación. Con todo, e por elementais razóns de seguridade xurídica, a corrección do erro detectado segue o procedemento de Modificación do Plan xeral co fin de emendar

as discrepancias detectadas e reflectir con claridade o emprazamento da edificación catalogada.

Polo tanto, e con base nas consideracións expostas, conclúese a necesidade de restablecer a necesaria coherencia entre a ficha de catalogación e os planos de ordenación, solventando as discrepancias detectadas, e identificando con claridade os elementos obxecto de catalogación.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), con data 12 de xullo de 2018 recibíuse o **informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, no que se dá conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, *“os concellos de Ames, O Pino, Oroso, Teo, Trazo e Vedra contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 12/06/2018, e o concello de Val do Dibra o día 13/06/2018. Rematado o dito prazo non foron recibidas nestas dependencias as súas respostas, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia).”*

4. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo faise constar a emisión dos seguintes **informes sectoriais autonómicos**:

- Informe do subdirector xeral de Planificación e Protección Civil de data 14/03/2018 favorable á Modificación.
- Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 9/05/2018, tamén favorable.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio, de data 24/05/2018, relativo á protección da paisaxe, así mesmo favorable.

Non consta a emisión do informe solicitado á Dirección de Augas de Galicia, tendo xa rematado, con data 14/06/2018 o prazo legalmente establecido para a súa emisión, polo que o informe se presume favorable de acordo co disposto na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (artigo 39) e no artigo 60.7 da LSG. Con todo, no trámite de consultas ambientais, a Subdirección Xeral do Dominio Público Hidráulico, dependente de Augas de Galicia, xa informou que *“non procede a emisión de observacións posto que non afecta ás competencias deste organismo de conca”*

Con data 26/02/2018 obtívose o informe favorable da Dirección Xeral de Telecomunicacións.

Con data 28/06/2018 tivo entrada o informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil.

5. PROPOSTA

En consecuencia, e en aplicación do procedemento regulado polos artigos 60.13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e 144.13 do seu Regulamento, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: Corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d), sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.
- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional, non procede a emisión de novo informe.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito máis o ditame favorable da comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á sesión de data 11 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA O SEGUINTE:

- Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: Corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d), sen modificacións respecto do proxecto inicialmente aprobado.

- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para os efectos de que emita o informe preceptivo e vinculante previo ao acordo de aprobación definitiva que haberá de adoptar o Pleno Municipal.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PE-1 PARA LIMITAR OS ALOXAMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL NO SEU TECIDO RESIDENCIAL.

Polo Sr. Alcalde se indica que de acordo coa petición formulada na Xunta de Portavoces este asunto e retirado da orde do día.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA N4A01C DO QUINTEIRO N DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

O informe emitido pola xefa de sección de Xestión Urbanística, de data 5 de outubro de 2018, que conta coa conformidade do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, é do seguinte teor literal:

“O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil TERRAS DE SAR S.L. e asinado polo equipo técnico NAOS 04 ARQUITECTOS SLP, pretende a modificación do que consta definitivamente aprobado polo Pleno municipal con data 19 de outubro de 2017.

1. Obxecto do Estudio de detalle

O Estudio de detalle ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito da parcela N4a01c, resultante do *Proxecto de reparcelación do Parque empresarial da Sionlla* -aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012-, sita na confluencia das rúas de Andalucía e de Castela e León (catastral 0101913NH4500A0000IH)

A necesidade de formular o Estudio de detalle derívase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun Estudio de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

Na memoria do Estudo de detalle, presentado con data 12.04.2018, descríbense as modificacións propostas sobre o vixente –aprobado o 19.10.2017-, indicando o seguinte:

(...) “Se proponen dos accesos a la parcela, desde ambos viales, de manera que se desarrollen dos accesos de tráfico rodado, uno en la calle de Andalucía a cota 298,50 metros y el segundo en la calle Castilla y León, a cota 303,00 metros. Ambos accesos se conectarán mediante un vial perimetral al edificio dimensionado de manera apropiada para la circulación de camiones, que también dará acceso a los aparcamientos en planta sótano e en superficie.

Los accesos estarán situados a distinta cota de la plataforma de implantación de la edificación, por lo que las comunicaciones entre ellos se ejecutarán mediante rampas en el interior de la parcela, de no más de 16% de pendiente y con acuerdos menores al 5%.

El Estudio de detalle se adapta a las ordenanzas del PGOM y al Proyecto Sectorial, quedando el área de movimiento de la edificación dentro de la ordenación del conjunto.”

O informe técnico emitido con data 11 de maio pola arquitecta Xefe da Sección Municipal de Planeamento é favorable á aprobación inicial do proxecto, como de seguido se transcribe:

(...) “Na modificación proposta, substitúese a solución de implantación da edificación nunha plataforma sensiblemente horizontal na cota 301,20 m por unha solución na que a edificación absorbe a variación de rasante entre as cotas mais altas, na rúa de Castela León e as mais baixas na zona de contacto coa zona verde.

Esta solución permite tratar o espazo libre interior da parcela dun xeito mais flexible, evitando a aparición de zócalos ou muros sobre a rasante natural do terreo, tanto na zona de contacto co viario público perimetral como na zona de contacto coa parcela N4a01b, lindante polo oeste, manténdose con carácter xeral as cotas do terreo interior da parcela por debaixo da rasante do viario e da citada parcela.

Polo demais, as condicións volumétricas definidas polo Estudio de detalle axústanse ao previsto polo plan de sectorización, aprobado definitivamente con data 7 de xuño de 2008”.

2. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

En aplicación deste procedemento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno da Cidade o 25 de maio de 2018 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *La Voz de Galicia* e no Diario Oficial de Galicia o día 27 de xuño de 2018.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

Con data 10 de setembro de 2018 emitiu informe favorable a directora xeral do Patrimonio cultural.

3. Proposta

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente a Modificación do Estudo de detalle da parcela N4a01c do quínteiro N do parque empresarial da Sionlla promovido por TERRAS DE SAR S.L. e redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS SLP, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O Estudio de detalle supón a modificación do que consta definitivamente polo Pleno Municipal con data 19.10.2017.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación

do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito máis o ditame favorable da comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á sesión de data 11 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA O SEGUINTE:

- Aprobar definitivamente a Modificación do Estudo de detalle da parcela N4a01c do quinceiro N do parque empresarial da Sionlla promovido por TERRAS DE SAR S.L. e redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS SLP, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O Estudo de detalle supón a modificación do que consta aprobado definitivamente polo Pleno Municipal con data 19.10.2017.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

6.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE RÉXIME INTERIOR SOBRE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019.

Dáse conta da seguinte proposta da concelleira delegada de Réxime Interior sobre determinación de festivos locais para o ano 2019:

“Proponse ao Pleno establecer como días de carácter festivo local para o ano 2019 deste Concello os seguintes:

- Día 30 de Maio, día da Ascensión.
- Día 16 de Agosto, San Roque”.

O asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Municipal Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de contas na súa sesión de 11 de outubro de 2018.

O pleno da Corporación adoptou por unanimidade o seguinte acordo:

Establecer como días de carácter festivo local para o ano 2019 deste concello os seguintes:

- Día 30 de Maio, día da Ascensión.
- Día 16 de Agosto, San Roque.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN PARA A REDACCIÓN DA MEMORIA SOBRE A DETERMINACIÓN DA FORMA MÁIS SOSTIBLE E EFICIENTE DE XESTIONAR OS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

A proposta do Sr. Alcalde e a seguinte:

PRIMEIRO:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o 24 de novembro de 1983, aprobou por unanimidade o prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para a concesión do servizo municipal de auga potable no termo municipal de Santiago de Compostela.

O concurso declárase deserto no Pleno de 9 de maio de 1984. Contra este acordo as empresas AQUAGEST e SOSEGUR interpoñen cadanseu recurso que se resolven deixando sen efecto o acordo do devandito Pleno, ao adxudicar o concurso para a xestión do servizo de abastecemento de auga no termo municipal de Santiago de Compostela á empresa AQUAGEST. O 13 de maio de 1985 elévase a escritura pública o contrato de xestión do servizo de abastecemento auga potable.

O 30 de xullo de 1991 apróbase o prego para o contrato da explotación da depuradora de augas residuais de Silvouta, planta de pretratamento do Polígono do Tambre e instalacións de bombeo de augas residuais que asina AQUAGEST SA o 1 de abril de 1992 con unha duración de 5 anos prorrogable por anualidades sucesivas ate un máximo de 15 anos.

O 28 de abril de 1992 AQUAGEST, presenta unha solicitude para modificar o carácter retributivo dos contratos anteriores ao puramente concesional, asumindo a empresa o cobro do servizo así como o risco dos fallidos, dado que desenvolve a xestión do abastecemento de auga e a depuración. Así mesmo, solicita unha prorroga de ámbolos dous contratos ate o 1 de maio de 2007 co obxecto de liquidar as cantidades adebedadas polo Concello pola xestión anterior ao 1/01/1992 e compensar os supostos maiores gastos e riscos asumidos na proposta.

O 18/05/1992 o Pleno da Corporación acorda a prorroga solicitada e nos termos propostos na solicitude. Non se formaliza un novo contrato por escrito, iniciándose o novo sistema de xestión o 01/01/1992 cunha duración ate o 01/05/2007.

En 1994 redactase o prego de condicións económico-administrativas para a concesión do xestión do servizo municipal de sumidoiros cunha duración prevista ate 01/05/2007, sendo aprobado polo pleno 01/07/1994. O 11 de novembro de 1994 o Pleno da

Corporación adxudica en sesión extraordinaria esta concesión a AQUAGEST SA asinándose o contrato o 15/12/1994.

No ano 1998 prodúcese un modificación das concesións da xestión do servizo de abastecemento de auga, depuración e sumidoiros. O Concello encarga á propia empresa concesionaria un informe sobre os investimentos precisos para acadar o saneamento integral. AQUAGEST cuantifica en 53.249.672,45 € as inversións precisas. Presenta un escrito propoñendo, ante a imperiosa necesidade de executar algunhas destas obras, financiar as máis urxentes por un importe de 3 mill € e polo tanto solicitando que para restablecer o equilibrio económico-financeiro da concesión unha prorroga da concesión ate maio de 2022. O Concello solicita que tamén absorba unha aportación de 10.818.217,88 € nos exercicios 1998 e 1999 en substitución dun préstamo que a Corporación pretendía formalizar.

A empresa reitera a solicitude de modificación do contrato de xestión e prorrogar o mesmo ate 2022 así como o cambio da fórmula retributiva para percibir todos os ingresos derivados de tarifas, canons e taxas vixentes, establecendo a partir de 1999 unha tarifa única. Accede a aportar 15.926.820,77 € para o reintegro de investimentos producidas, realización de novas obras e aportar un financiamento de 1352277,23 € ao Auditorio de Galicia para o evento “Santiago, Capital Europea da Cultura”. Todas estas aportacións financiaríanse cos excedentes xurdidos do período de concesión que, de non producirse esta financiación desde AQUAGEST, deberían reverter no Concello. O informe de Intervención sinala maio de 2019 como de finalización da concesión ao obter o mencionado equilibrio financeiro.

O 1 de agosto de 1998 asínase o contrato de acordo coas condicións financeiras previstas polo Concello así como a prorroga sinalada polo interventor, rematando dita concesión no mes de maio de 2

SEGUNDO:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local recolle no seu artigo 25.2 a competencia das Entidades locais no abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. O artigo 26 define a obrigatoriedade de prestación do devandito servizo. Así mesmo sinala no seu artigo 85.2 as formas de xestión dos servizos públicos e no artigo 86 declara a reserva en favor das entidades locais do abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais

Para o exercicio de actividades económicas por parte das Entidades locais, o Real Decreto Legislativo 781/1986 recolle no seu artigo 97 e seguintes a necesidade dun acordo inicial da Corporación, previa designación dunha Comisión de estudo composta por membros da mesma e por persoal técnico para redacción dunha memoria que acredite a forma de xestión máis eficiente e sostible.

Sendo a data de remate da concesión do servizo integral de xestión da auga, encomendado a Viaqua en maio de 2019, e co fin de acreditar a forma máis sostenible e eficiente de xestionar este servizo, procede a creación dunha Comisión para a realización da memoria xustificativa a que se refire o mencionado artigo 85.2 sendo de aplicación a regulación prevista o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, para o exercicio de actividades económicas polas Entidades locais.

POLO EXPOSTO, ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Iniciar o expediente para a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO: Crear a Comisión encargada de elaborar a memoria xustificativa da forma máis sostible e eficiente de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento e depuración de augas residuais, que estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Innovación, Xan Duro Fernández, que presidirá a Comisión.
- A concelleira de Facenda e Persoal, María Rozas Pérez
- Dous representantes do Partido Popular, un representante do PSOE e un representante do BNG
- O Director da Área de Urbanismo: Ignacio Cerrada González
- O Director da Asesoría Xurídica: Xaquín Monteagudo Romero
- A Directora do Área de Facenda e Persoal, Silvia Aramburo Vázquez
- A Xefe de Servizo de Contratación, Rocío Montañés Fernández que actuará como Secretaria da Comisión

Así mesmo, a Intervención Municipal intervirá como observadora.

A Comisión contará coa asistencia do persoal técnico do Concello que considere necesario.”

Sometido o asunto a votación o Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación cós votos a favor dos dez concelleiros do Grupo Compostela Aberta, e o voto en contra (quince), dos concelleiros dos Grupos: BNG, PsdG-PSOE e PP, rexeitou a proposta da alcaldía transcrita.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SOLICITAR AO MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN A CREACIÓN DA CASA DA LUSOFONÍA CON SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Vista a proposta da alcaldía de data 8.10.18 así como o ditamen favorable da Comisión municipal informativa de presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de contas, celebrada o día 11 de outubro de 2018, o Pleno da Corporación ACORDA por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes APROBAR a seguinte declaración institucional **PARA SOLICITAR AO MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN A CREACIÓN DA CASA DA LUSOFONÍA CON SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**, que se transcribe de seguido:

“As linguas son elemento fundamental para os vínculos entre os pobos así como vehículo privilexiado para as relacións económicas, culturais, diplomáticas no contexto contemporáneo. Nese marco, o vínculo lingüístico entre a sociedade galega e a comunidade lusófona vai máis aló dun pasado cultural compartido, da capacidade de intercomunicación mutua que establece uns importantes lazos entre ambas comunidades. O galego é a lingua cooficial de Galicia, que comprende e fala a inmensa maioría dos seus 2.800.000 habitantes, todos e todas as falantes dispoñen de competencia para comprender o portugués oralmente e por escrito. Este nexosupón unha enorme oportunidade se sabemos aproveitalo debidamente, para o conxunto do Estado Español e moi especialmente para Galicia.

Hoxe hai oito estados no mundo que teñen como lingua oficial o portugués: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Timor Oriental e Santo Tomé e Príncipe. Segundo os datos estatísticos oficiais o número de falantes nativos/as do portugués sitúase nos 273 millóns, e segundo as proxeccións de Nacións Unidas en 2050 situaríanse en 387 millóns de habitantes. Coa intención de aproveitar este enorme potencial, no ano 2014 o Parlamento Galego aprobou por unanimidade a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesas e vínculos coa Lusofonía (Lei Valentín Paz Andrade), a cal indica que a lingua galega de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Por este motivo, Galicia está hoxe representada na Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP), onde tamén se atopan como observadores consultivos o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Academia da Língua Portuguesa.

Concordando coa necesidade do desenvolvemento da citada Lei 1/2014 e co obxectivo de promover afondar nos vencellos coas cidades da Lusofonía, o Concello de Santiago aprobou na sesión plenaria de outubro do 2016 a súa adhesión á asociación “União das Cidades de Língua Portuguesa” (UCCLA), en calidade de membro observador, en prol de fomentar a cooperación e o intercambio cultural, científico e tecnolóxico.

A Galicia do século XXI é unha sociedade diversa e complexa na que conviven dúas linguas que nos permiten acceder a dous universos lingüísticos ricos e en crecemento constante: a Hispanofonía e a Lusofonía. De feito, as galegas e galegos somos o único pobo que se sitúa, de xeito nativo, como ponte entre ambos idiomas. O multilingüismo é unha fonte de riqueza, unha riqueza para as persoas e para as comunidades, así o reconece a propia Unión Europea que insiste na importancia das linguas como factor de prosperidade e de dominio destas linguas como vantaxe engadida para a competitividade, empregabilidade e desenvolvemento.

Neste contexto, situase a iniciativa dunha Casa da Lusofonía que podería estar integrada na rede de ‘Casas’ impulsadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores e que constitúen unha ferramenta de diplomacia pública orientada á cooperación e o diálogo intercultural. Santiago semella a localización ideal para esa futura Casa da Lusofonía,

como capital de Galicia, e como sede dunha universidade cinco veces centenaria e que mantén numerosas ligazóns co espazo académico lusófono. A creación dunha Casa da Lusofonía chamaría a atención da sociedade sobre as oportunidades que se poden derivar da afinidade lingüística co mundo do portugués, tanto de índole económica e comercial, como cultural, política e institucional e podería operar como centro estratéxico nas relacións de Galicia e do Estado español coa Lusofonía. Un punto de encontro onde os distintos actores e institucións, públicas e privadas, do eido empresarial, da educación, do mundo académico, político e cultural, dialoguen, interactúen e establezan liñas de cooperación e emprendan proxectos conxuntos. Como parte da Rede de Casas, a Casa da Lusofonía podería favorecer os contactos bilaterais e multilaterais e a xeración de propostas de negocio e iniciativas políticas e socioculturais.

Tendo en conta todo o anterior, a Casa da Lusofonía, sería un instrumento útil e axeitado para vincular ao Estado Español co mundo lusófono aproveitando o vínculo lingüístico galego, que se vería reforzado coa localización estratéxica en Santiago de Compostela como sede das institucións galegas e capital de Galicia, que destaca polo seu papel como ponte coa comunidade lusófona.

Por todo isto, a Corporación Municipal do Concello de Santiago de Compostela manifesta de forma unánime a súa dispoñibilidade e candidatura da cidade para ser sede da futura Casa da Lusofonía, para o que solicita a implicación na súa creación das principais institucións que poidan contribuír a garantir o seu desenvolvemento, nomeadamente: Universidade de Santiago, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Eixo Atlántico, Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP- AECT), Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP), Instituto Camões, Associação Galega da Língua (AGAL) e Instituto Galego de Análise e Desenvolvemento Internacional (IGADI).

Coa finalidade de conseguir os apoios necesarios para creación da citada Casa da Lusofonía, esta Declaración Institucional será trasladada ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación do Goberno de España, Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID), Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e grupos nel representados, así como aos grupos parlamentares nas Cortes do Estado con representación galega.”

9.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2018-SUPLE-05 DO ORZAMENTO DE 2018, POR IMPORTE DE 537.675,82 EUROS.

O Informe-Proposta de 2 de outubro de 2018, asinado polo técnico da Oficina de Orzamentos e a Directora de área de Réxime Interior có conforme da concelleira Delegada de Economía e Facenda, sinala:

“ASUNTO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2018-SUPLE-05 PARA O RECOÑECIMENTO E APLICACIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

PAI 2018 APROBADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO SEU PROGRAMA POS+ 2018 POR UN IMPORTE TOTAL DE CINCOCENTOS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (537.675,82 €).

ANTECEDENTES

Informe proposta do xefe do servizo de proxectos e obras de data 2 de outubro de 2018 e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial da mesma data.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 20 de decembro de 2017 acordou, a proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, solicitar a participación do Concello de Santiago no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – Plan único dos Concellos “POS+ 2018”. Incluído neste programa da Deputación o Concello de Santiago solicitou da Deputación Provincial da Coruña aproveitar as vantaxes económicas deste programa da Deputación, no relativo ao importe do préstamo provincial 2018 que para este ano lle foi concedido por unha contía de 537.675,82 €, cos seguintes destinos:

- 1.- Utilizar unha parte desta fonte de financiamento para a redución de débeda con entidades financeiras, e concretamente, para amortizar anticipadamente un préstamo vixente do Concello que ten concertado desde o 29/09/2017 coa entidade financeira BANCO SABADELL, por unha contía de 225.351,64 €.
- 2.- Utilizar unha parte desta fonte de financiamento para executar un novo investimento no rural non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 por unha contía de 312.324,18 €.

Con data de notificación ao Concello de 31 de maio de 2018 recibíuse circular da Deputación Provincial comunicando a aprobación do POS+ 2018 que, no que atinxe ao Concello de Santiago, incorporaba no marco do préstamo provincial 2018 a confirmación de importes e destinos solicitados polo Concello na súa proposta aprobada en acordo de Xunta de Goberno Local de 20 de decembro de 2017.

Con data de notificación ao Concello de 18 de xuño de 2018 tense recibida comunicación da Deputación de considerar definitivamente aprobado o citado Plan.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un suplemento de crédito de CINCOCENTOS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (537.675,82 €) co obxecto de recoñecer e habilitar crédito polo importe do préstamo provincial PAI 2018 aprobado

pola Deputación Provincial da Coruña no marco do seu programa POS+ 2018 cos seguintes destinos:

1.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 030/01100/91300 por un importe de 225.351,64 € para amortizar anticipadamente un préstamo vixente e recollido no Estado de Débeda actual do Concello que ten concertado desde o 29/09/2017 coa entidade financeira BANCO SABADELL coa codificación 2017/1/SABA01.

2.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 100/93302/62200 incluída no proxecto de gasto existente 2018/2/PPOV/35 por un importe de 312.324,18 € para executar un novo investimento no rural coa denominación “Edificio multiusos na Lavacolla” non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 vixente.

Achégase como documentación anexa, copia da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de decembro de 2017 onde se acordou aprobar a solicitude de participación do Concello no programa POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña e copia das circulares recibida da Deputación Provincial da Coruña de aprobación deste Programa e os termos desta aprobación para o Concello de Santiago.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Neste caso concreto, o financiamento procede da operación de préstamo concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa POS+ 2018 no relativo ao financiamento procedente do préstamo provincial 2018 por unha contía de 537.675,82 € coas seguintes condicións beneficiosas para o Concello de Santiago:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2020, nos meses de xuño e novembro.

A aplicación orzamentaria de ingreso que recolle os fondos procedentes da operación de préstamo concertado coa Deputación Provincial é 91100.

PROPOSTA

Logo de ver que o Concello de Santiago ten aprobada unha nova operación de préstamo de importe 537.675,82 € por parte da Deputación Provincial da Coruña no marco do seu Programa POS+ 2018 no relativo ao financiamento procedente de préstamo provincial 2018 co obxecto de, por unha banda, destinar unha parte deste financiamento nunha contía fixada en 225.351,64 € a amortizar operacións de débeda vivas do Concello en situación de condicións económicas menos beneficiosas cas recibidas pola nova operación de préstamo concertada, e pola outra, co obxecto de executar un novo investimento no rural non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 por unha contía de 312.324,18 €.

Considerando que o préstamo a amortizar anticipadamente polo Concello que resulta máis beneficioso é o formalizado no seu momento coa entidade financeira Banco Sabadell en data de 29/09/2017 recollido baixo o código 2017/1/SABA01. Cabe dicir en relación a este préstamo, que conta cun período de carencia de dous anos nos que se poderá ir dispoñendo ata o límite máximo do importe contratado na conta de crédito aberta aos efectos con vencemento o 29/09/2019. No exercicio 2017 xa se fixo unha disposición parcial do préstamo por unha contía de 900.000,00 euros, polo que a aplicación do préstamo da Deputación Provincial PAI 2018 de importe 225.351,64 euros reducirá a débeda disposta o que levará finalmente á consolidación do préstamo coa entidade Banco Sabadell, cando finalice o período de carencia, por un importe final de 3.374.648,36 euros.

Este feito, supón un cambio de axente financiador nos seguintes proxectos de gasto do exercicio 2017 xa iniciados e que contan con disposición parcial de préstamo do Banco Sabadell (aplicación de ingreso 91301) por un importe total de 225.351,64 euros para que figure como novo axente financiador a Deputación Provincial da Coruña (código de ingreso 91100). A relación de proxectos de gasto e importes afectados polo cambio de axente financiador son os seguintes:

DESCRIPCIÓN DETALLADA	PROXECTO	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR ANTERIOR	NOVO AXENTE FINANCIADOR
Reurbanización da rúa Montero Ríos-Ensanche	2014 2 MRIOS 50	109.649,56	BANCO SABADELL (A08000143) Aplicación de ingreso 91301	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (P1500000C) Aplicación de ingreso 91100
Pago da diferenza de prezo-xusto en execución de sentenza parcela do SUNP-5 a Muiña	2017 2 MUIÑA 40	115.702,08		
		225.351,64		

Considerando que o Concello de Santiago ten aprobado a execución dun novo investimento coa denominación “Edificio multiusos na Lavacolla” non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 vixente aproveitando as condicións beneficiosas do préstamo provincial PAI 2018 incluído no programa marco da Deputación Provincial POS+ 2018.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, e, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2018-SUPLE-05 con base no asunto que se describe no informe que antecede, por importe de CINCOCENTOS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (537.675,82 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-05 por un importe de 537.675,82 euros co obxecto de obxecto de recoñecer e habilitar crédito polo importe do préstamo provincial PAI 2018 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña no marco do seu programa POS+ 2018 cos seguintes destinos:

1.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 030/01100/91300 por un importe de 225.351,64 € para amortizar anticipadamente un préstamo vixente e recollido no Estado de Débeda actual do Concello que ten concertado desde o 29/09/2017 coa entidade financeira BANCO SABADELL coa codificación 2017/1/SABA01.

2.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 100/93302/62200 incluída no proxecto de gasto existente 2018/2/PPROV/35 por un importe de 312.324,18 € para executar un novo investimento no rural coa denominación “Edificio multiusos na Lavacolla” non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 vixente.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS			
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para a execución dun novo investimento coa denominación "Edificio multiusos na Lavacolla"	100	93302	62200	2018 2 PPROV 35	312.324,18	SC	Financiamento procedente do préstamo provincial 2018 (no marco do Programa POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña	91100	537.675,82
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de Banco Sabadell formalizado o 29/09/2017 e xa disposto no momento actual, co código 2017/1/SABA01)	030	01100	91300		225.351,64				
TOTAL GASTOS (CAPÍTULOS 6 e 9)					537.675,82		TOTAL INGRESOS (CAPÍTULO 9)		537.675,82

B) Financiamiento:

1. Novas previsións de ingresos:

537.675,82 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	
.....	537.675,82 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	537.675,82 euros
.....	
b) Baixas por anulación	
.....	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 537.675,82 euros

SEGUNDO: Modificar o axente financiador nunha serie de proxectos de gasto do exercicio 2017 xa iniciados e que contan con disposición parcial de préstamo do Banco Sabadell (aplicación de ingreso 91301) por un importe total de 225.351,64 euros, para que figure como novo axente financiador a Deputación Provincial da Coruña (código de ingreso 91100). A relación de proxectos de gasto e importes afectados polo cambio de axente financiador son os seguintes:

DESCRCIÓN DETALLADA	PROXECTO	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR ANTERIOR	NOVO AXENTE FINANCIADOR
Reurbanización da rúa Montero Ríos-Ensanche	2014 2 MRIOS 50	109.649,56	BANCO SABADELL (A08000143) Aplicación de ingreso 91301	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (P1500000C) Aplicación de ingreso 91100
Pago da diferenza de prezo-xusto en execución de sentenxa parcela do SUNP-5 a Muiña	2017 2 MUIÑA 40	115.702,08		
		225.351,64		

TERCEIRO: Modificar o anexo de investimentos do exercicio 2018 nos seguintes termos:

Incluír no anexo de investimentos o novo proxecto de gasto financiado co préstamo PAI 2018 formalizado coa Deputación Provincial no marco do programa POS+ 2018:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRCIÓN	DESCRCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLEO (1+2+3+4+5+6+7+ 8+9)	91100 (8)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	93302	62200	35	XESTIÓN DO PATRIMONIO - USO DEPORTIVO. INV. REPOSICIÓN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	Edificio multiusos na Lavacolla	312.324,18	2017 2 PPROV 35 6	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		312.324,18	312.324,18
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							312.324,18			0,00	312.324,18	312.324,18

CUARTO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente

expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL...

QUINTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

Visto o informe proposta de Ref. 41/2018, asinado polo técnico da oficina de orzamentos e a directora de área de Réxime Interior, de ASUNTO: **SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2018-SUPLE-05 PARA O RECOÑECIMENTO E APLICACIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL PAI 2018 APROBADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO MARCO DO SEU PROGRAMA POS+ 2018 POR UN IMPORTE TOTAL DE CINCOCENTOS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (537.675,82 €), dou a miña conformidade en tódolos seus termos.**

Remítase á Xunta de Goberno de Santiago de Compostela para a adopción do acordo que no dito Informe se propón, e o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación, se é o caso.”

No expediente figura informe 634/2018, da viceinterventora municipal. O asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Municipal Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 11-10-2018.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación cós votos a favor dos nove concelleiros presentes do Grupo Compostela Aberta (ausente do salón de sesións neste momento o concelleiro D.Xan Duro), e os dous concelleiros do Grupo do BNG (once concelleiros en total), e abstención dos concelleiros do Grupo Popular e do Grupo do PSde G-PSOE (once concelleiros en total), adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2018-SUPLE-05 con base no asunto que se describe no informe que antecede, por importe de CINCOCENTOS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (537.675,82 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

C) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-05 por un importe de 537.675,82 euros co obxecto de obxecto de recoñecer e habilitar crédito polo importe do préstamo provincial PAI 2018 aprobado pola Deputación Provincial da Coruña no marco do seu programa POS+ 2018 cos seguintes destinos:

1.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 030/01100/91300 por un importe de 225.351,64 € para amortizar anticipadamente un préstamo vixente e recollido no Estado de Débeda actual do Concello que ten concertado desde o 29/09/2017 coa entidade financeira BANCO SABADELL coa codificación 2017/1/SABA01.

2.- Habilitar crédito na aplicación orzamentaria 100/93302/62200 incluída no proxecto de gasto existente 2018/2/PPROV/35 por un importe de 312.324,18 € para executar un novo investimento no rural coa denominación “Edificio multiusos na Lavacolla” non previsto nos créditos iniciais do anexo de investimentos do orzamento municipal do exercicio 2018 vixente.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS			
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para a execución dun novo investimento coa denominación "Edificio multiusos na Lavacolla"	100	93302	62200	2018 2 PPROV 35	312.324,18	SC	Financiamento procedente do préstamo provincial 2018 (no marco do Programa POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña	91100	537.675,82
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de Banco Sabadell formalizado o 29/09/2017 e xa disposto no momento actual, co código 2017/1/SABA01)	030	01100	91300		225.351,64				
TOTAL GASTOS (CAPÍTULOS 6 e 9)					537.675,82		TOTAL INGRESOS (CAPÍTULO 9)		537.675,82

D) Financiamiento:

2. Novas previsións de ingresos: 537.675,82 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	537.675,82 euros
2.- Financiamiento	
d) Novos ingresos	537.675,82 euros
e) Baixas por anulación	

f) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	
---	--

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 537.675,82 euros

SEGUNDO: Modificar o axente financiador nunha serie de proxectos de gasto do exercicio 2017 xa iniciados e que contan con disposición parcial de préstamo do Banco Sabadell (aplicación de ingreso 91301) por un importe total de 225.351,64 euros, para que figure como novo axente financiador a Deputación Provincial da Coruña (código de ingreso 91100). A relación de proxectos de gasto e importes afectados polo cambio de axente financiador son os seguintes:

DESCRIPCIÓN DETALLADA	PROXECTO	IMPORTE	AXENTE FINANCIADOR ANTERIOR	NOVO AXENTE FINANCIADOR
Reurbanización da rúa Montero Ríos-Ensanche	2014 2 MRIOS 50	109.649,56	BANCO SABADELL (A08000143) Aplicación de ingreso 91301	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (P1500000C) Aplicación de ingreso 91100
Pago da diferenza de prezo-xusto en execución de sentença parcela do SUNP-5 a Muiña	2017 2 MUIÑA 40	115.702,08		
		225.351,64		

TERCEIRO: Modificar o anexo de investimentos do exercicio 2018 nos seguintes termos:

Incluír no anexo de investimentos o novo proxecto de gasto financiado co préstamo PAI 2018 formalizado coa Deputación Provincial no marco do programa POS+ 2018:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLEO (1+2+3+4+5+6+7+8+9)	91100 (8)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	93302	62200	35	XESTIÓN DO PATRIMONIO - USO DEPORTIVO. INV. REPOSICIÓN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	Edificio multiusos na Lavacolla	312.324,18	2017 2 PPROV 35 6	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		312.324,18	312.324,18
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							312.324,18			0,00	312.324,18	312.324,18

CUARTO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL...

QUINTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do

resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

10.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 18 DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2018.

O Informe-Proposta de 4 de outubro de 2018, asinado polo técnico da Oficina de Orzamentos e a Directora de área de Réxime Interior có conforme da concelleira Delegada de Economía e Facenda, sinala:

“ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O Pleno da Corporación, na sesión do 17.01.2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral –incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018.

No BOP nº 14, do 19.01.2018, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

Por acordo plenario do 21.02.2018 resolvéronse as alegacións presentadas, en tempo e forma, e aprobouse definitivamente o orzamento xeral –xunto coas súas bases de execución- e cadro de persoal do ano 2018.

No BOP nº 40, do 27.02.2018, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan tocantes á súa entrada en vigor.

No artigo 18 das bases de execución prevense unha serie de aplicacións de gasto ampliables con cargo aos conceptos de ingreso que se sinalan, nos seguintes termos:

➤ **“CRÉDITOS AMPLIABLES DO CONCELLO:**

As aplicacións do Orzamento do Concello que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliables con cargo aos conceptos de ingresos que se sinalan; no caso do concepto de ingresos 391.20 e 391.90 vincúlase a aqueles gastos derivados da externalización do servizo coa partida de gastos sinalada.

Aplicación orxamentaria	Descrición	Concep to de ingreso s	Descrición
060-93200-22706	Xestión do sistema tributario. Estudos e traballos técnicos	391.20	Sancións de tráfico
050-15102-22699	Xestión de licenzas e disciplina. Outros gastos diversos	399.02	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares. Execución subsidiaria.
060-13600-20400 060-13600-21200 060-13600-21300 060-13600-21400 060-13600-22104 060-13600-22606 060-13600-22700 060-13600-63300	Servizo extinción de incendios. Arrendamento material de transporte. Reparación e mantemento edificios e outras construcións. Reparación e mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe. Reparación e mantemento Elementos de Transporte Vestuario Cursos de Formación Estudos e Traballos Técnicos Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.
030-92000-83000	Anticipos ao persoal	830.00	Reintegro de anticipos ao persoal
080-32301-22799	Escolas infantís xestión municipal. Traballos realizados por outras empresas	34201	Servizos de escolas infantís de xestión municipal
080-32600-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34202	Servizo da escola municipal de música
080-32601-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34200	Servizo de comedores escolares

A aplicación 030 92000 83000 de Préstamos a curto prazo do orzamento xeral ten a consideración de ampliable, financiada cos recursos do subconcepto de ingreso 830.00 “Reintegro por anticipos ao persoal”. Con este fin, efectuaranse convocatorias trimestrais para a concesión de anticipos ao persoal por importes trimestrais de 20.000,00 euros. Na convocatoria do último trimestre poderase ampliar a dita contía en función dos dereitos que poidan recoñecerse durante o exercicio corrente, ampliando o crédito ata o importe dos dereitos recoñecidos como máximo.”

A experiencia dos últimos anos, avalada polos datos de execución orzamentaria nos subconceptos de ingreso relativos ás contribucións especiais abonadas tódolos anos por UNESPA, fai pensar que os importes que os últimos anos permitiron ampliar crédito (maiores ingresos efectivamente liquidados ou recoñecidos sobre os previstos inicialmente) darán cobertura a unha posible ampliación de crédito dunha pequena parte do monto total de gasto previsto no orzamento.

Desde o servizo de extinción de incendios, no momento da elaboración dos orzamentos, non clarificaban que aplicación/s orzamentarias eran as máis indicadas para ser declaradas ampliables. Ante a falta de información do centro xestor decidiuse seguir o criterio dos anos anteriores, incluíndose como aplicacións orzamentarias ampliables as seguintes relativas ao servizo de extinción de incendios:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepción de ingresos	Descrición
060-13600-20400	Servizo extinción de incendios.	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.
060-13600-21200	Arrendamento material de transporte.		
060-13600-21300	Reparación e mantemento edificios e outras construcións.		
060-13600-21400	Reparación e mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe.		
060-13600-22104	Reparación e mantemento Elementos de Transporte		
060-13600-22606	Vestuario		
060-13600-22700	Cursos de Formación		
060-13600-63300	Estudios e Traballos Técnicos		
	Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe		

O feito de considerar estas aplicacións ampliables determina a súa vinculación en si mesmas ou, a sensu contrario, a non integración das mesmas nas respectivas bolsas de vinculación –artigo 11.3 das bases de execución-.

Xunto con esta circunstancia, e tamén con repercusións no eido da xestión orzamentaria, cómpre advertir que consonte os artigos 180.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais – TRLFL, en diante- e 41.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,-RD 500/1990, en diante- as transferencias de crédito non poden afectar ás aplicacións ampliables.

Polo antedito, tendo en conta as necesidades propostas en firme polo servizo e no contexto das últimas tendencias normativas dirixidas á racionalización das estruturas e dos procedementos en busca dunha simplificación administrativa que reduza as cargas burocráticas e permita acadar axilidade, eficacia e eficiencia na xestión –no que agora interesa, na xestión orzamentaria- propónse a supresión do carácter ampliable a seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto de ingresos	Descrición
060-13600-63300	Servizo extinción de incendios. Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

PROPOSTA

De conformidade co antedito propónse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 18 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido de suprimir o carácter ampliable a seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepción de ingresos	Descrición
060-13600-63300	Servizo extinción de incendios. Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

Visto o informe- proposta de Ref. 42/2018, asinado polo técnico da oficina de orzamentos e a directora de área de Réxime Interior, de ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018, dou a miña conformidade en tódolos seus termos.

Remítase á Xunta de Goberno de Santiago de Compostela para a adopción do acordo que no dito Informe se propón, e o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación, se é o caso.”

No expediente figura informe 635/2018, da viceinterventora municipal. O asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Municipal Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 11-10-2018.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación cós votos a favor dos nove concelleiros presentes do Grupo Compostela Aberta (ausente do salón de sesións neste momento o concelleiro D.Xan Duro), e os dous concelleiros do Grupo do BNG (once concelleiros en total), e abstención dos concelleiros do Grupo Popular e do Grupo do PSde G-PSOE (once concelleiros en total), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 18 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido de suprimir o carácter ampliable a seguinte aplicación orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepción de ingresos	Descrición
060-13600-63300	Servizo extinción de incendios. Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

11.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A MELLORA INTEGRAL DO APARCAMENTO E DÁRSENA DA AVDA. XOÁN XXIII.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo público que ocupan a dársena e o aparcamento público da Avenida Xoán XXIII conforma un ámbito de singular importancia ao situarse nunha das zonas de maior tránsito para acceder ao centro histórico da nosa cidade. O acceso foi aberto cara aos anos 60 do pasado século, aínda que a súa reordenación levouse a cabo nos primeiros anos da década dos 90, incluíndo –ademais da longa marquesiña de aceiro e cristal- a dársena e o aparcamento público, que veñen sendo xestionadas polo Concello, a través da empresa pública Tussa.

Vanse cumprir, polo tanto, 25 anos desde a posta en servizo desta zona anovada, un período longo no que o seu uso e desgaste se foron facendo cada paso máis evidentes, chegando a unha situación actual que aconsella acometer unha actuación en profundidade para recuperar a súa funcionalidade e mellorar o seu aspecto. Unha cuestión de gran transcendencia se temos en conta o gran número de persoas que por alí transitan e os miles de visitantes dos máis diversos lugares nos que a súa primeira e

mesmo última toma de contacto coa cidade é esta zona. Esa circunstancia fai que exerza unha gran influencia na impresión e na opinión que forman e transmiten as persoas que nos visitan.

Para decatarse da importancia da dársena e do aparcamento abonda con citar os números: na dársena existen 16 prazas para subir e baixar pasaxeiros que se estima que poden chegar a ser utilizadas por uns 14.000 autobuses/ano que transportarían a unhas 700.000 persoas/ano¹. No aparcamento público contabilízanse arredor de 500 prazas que xeran un movemento de vehículos en rotación que se sitúa por riba dos 130.000 ao ano, a pesar do descenso rexistrado cos cambios na circulación introducidos hai dous anos. Son, polo tanto, unhas instalacións cun elevado nivel de usuarios o que se traduce nuns ingresos próximos aos 600.000 euros anuais, equivalente a algo máis do 40% do orzamento total da empresa Tussa, cifrado para o ano 2018 en 1,4 millóns de euros.


Estas dúas instalacións foron e son, certamente, obxecto das imprescindibles tarefas e coidados de mantemento ao longo do tempo. A última e máis importante mellora realizada ultimamente foi a referida ao sistema de control de acceso e pagamento ou a incorporación doutros elementos novidosos ao longo do tempo, como o arrancador de baterías, un servizo gratuíto proposto polo Grupo Popular.

Con todo, e a pesar dos labores diarios e periódicos de limpeza que, entendemos, veñen mantendo nas instalacións uns mínimos niveis de satisfacción para as persoas usuarias, existen moitos aspectos de mellora que deberían ser atendidos a través dunha planificación específica que priorizara as actuacións de mellora ao longo dos meses, coa idea de conseguir antes da chegada do Ano Xacobeo de 2021 unhas instalacións, senón modélicas na súa integridade, cando menos adaptadas nos principais requirimentos ás necesidades actuais e ás demandas duns usuarios que sen dúbida se irán incrementando de forma exponencial nos vindeiros meses.

Son moitas as deficiencias que se deberían abordar, entre elas as referidas a mellora da sinalización no exterior e no interior (multilingüe); pintura de estruturas metálicas, paredes e solos; adaptación da iluminación con tecnoloxía led e criterios de eficacia e eficiencia (especialmente nas dársenas, onde aínda se manteñen focos de gran consumo); a mellora do axardinamento do contorno; a reparación e reposición de pavimentos; a recuperación ou retirada de elementos sen utilidade como o aparcamento exterior de bicicletas; a mellora do mobiliario urbano, a limpeza de pintadas... En fin, son moitas as deficiencias das que, a modo de exemplo, acompañamos unhas imaxes como anexo.

Mención especial merecen tres cuestións: por un lado, o acondicionamento como zona verde do acceso peonil que enlaza a dársena de autobuses coas escaleiras próximas á avenida e a igrexa de San Francisco, onde habitualmente acostuman pernoitar persoas que deixan alí as súas pertenzas (procurándolle, obviamente, unha alternativa ás súas

¹ As cifras que se empregan están baseadas nas estimacións orzamentarias destas instalacións para o ano 2018.



CONCELLO DE SANTIAGO

necesidades); en segundo lugar, a obriga de regularizar a concesión da cafetería –que leva aparelhada o coidado e atención dos baños públicos, onde tamén se precisa unha actuación a fondo para recuperar e poñer ao día o seu equipamento-; e, en terceiro lugar, a incorporación dunha mellora tecnolóxica existente xa noutros moitos aparcadoiros na nosa cidade, como é a sinalización de prazas vacantes mediante luminarias de cores e paneis informativos no acceso ás distintas plantas, que facilitarían a información ás persoas usuarias, para evitar así os desprazamentos innecesarios, ao tempo que se reduce a contaminación e consumo dos vehículos.

Á vista do exposto, e coa intención de adaptar as instalacións e mellorar o servizo e a imaxe da cidade canto antes e, en especial, de cara ao vindeiro Ano Xacobeo, o Grupo Municipal Popular propónlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que promova un plan para acometer canto antes unha mellora e adaptación das instalacións da dársena de autobuses e do aparcadoiro público de Xoán XXIII que, entre outras actuacións, inclúa cando menos a renovación dos firmes, lucimento dos paramentos e renovación da pintura; a mellora da eficiencia enerxética na iluminación xeral das instalacións; o acondicionamento e mellora estética do acceso peonil desde a dársena de autobuses ata as proximidades da avenida e a igrexa de San Francisco; a regularización da concesión da cafetería coa mellora dos baños públicos a ela vinculados; e a incorporación dunha sinalización intelixente que facilite a información –mediante luces e paneis nos distintos niveis- das prazas dispoñibles para ofrecer un servizo máis cómodo, sostible e eficiente.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor dos grupos PP, PSOE e BNG, e con 10 abstencións do grupo CA, ACORDA instar ao correspondente órgano de Goberno a que promova un plan para acometer **canto antes** unha mellora e adaptación das instalacións da dársena de autobuses e do aparcadoiro público de Xoán XXIII que, entre outras actuacións, inclúa cando menos a renovación dos firmes, lucimento dos paramentos e renovación da pintura; a mellora da eficiencia enerxética na iluminación xeral das instalacións; o acondicionamento e mellora estética do acceso peonil desde a dársena de autobuses ata as proximidades da avenida e a igrexa de San Francisco; a regularización da concesión da cafetería coa mellora dos baños públicos a ela vinculados; e a incorporación dunha sinalización intelixente que facilite a información –mediante luces e paneis nos distintos niveis- das prazas dispoñibles para ofrecer un servizo máis cómodo, sostible e eficiente.

12.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á CANDIDATURA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO “CIDADE CREATIVA DO CINEMA” DA UNESCO.

A Rede de Cidades Creativas da UNESCO creouse en 2004 para promover a cooperación entre as cidades que identifican a creatividade como factor estratéxico de desenvolvemento urbano sustentable, de integración social e de vida cultural.

Precisamente a UNESCO no seu Informe sobre Economía Creativa chama a atención sobre a capacidade transformadora de “cidades onde a cadea de valor da creación, a produción, distribución e consumo de elementos culturais convértense, ademais de en ingredientes vitais da identidade local, en sinal de distinción e en ferramenta de proxección local”.

Dita rede compóñena 180 cidades que traballan xuntas para posicionar a creatividade e as industrias culturais no centro do seu plan de desenvolvemento local e cooperar activamente a nivel internacional na materia. Cobre sete ámbitos creativos: artesanía e artes populares, artes dixitais, cinema, deseño, gastronomía, literatura e música.

España conta con 6 cidades creativas, pero ningunha vinculada ao ámbito do cinema: Sevilla (Música), Bilbao (Deseño), Selecta (Literatura), Burgos (Gastronomía), Denia (Gastronomía), Barcelona (Literatura). Actualmente integráronse na Rede de Cidades Creativas da UNESCO no ámbito do CINEMA as cidades de Roma (Italia), Galway (Irlanda), Bradford (Inglaterra), Sofia (Bulgaria), Bitola (Macedonia), Santos (Brasil), Busan (Corea do Sur) e Sídney (Australia).

Ao unirse á Rede, as cidades comprométense a compartir as súas boas prácticas e a desenvolver vínculos que asocien aos sectores público e privado e á sociedade civil para:

- Reforzar a creación, a produción, a distribución e a difusión de actividades, bens e servizos culturais;
- Desenvolver polos de creatividade e innovación e aumentar as oportunidades ao alcance dos creadores e profesionais do sector cultural;
- Mellorar o acceso e a participación na vida cultural, en particular en beneficio de grupos desfavorecidos e persoas vulnerables;
- Integrar plenamente a cultura e a creatividade nos seus plans de desenvolvemento sustentable.

A Rede cobre sete ámbitos creativos: artesanía e artes populares, artes dixitais, cinema, deseño, gastronomía, literatura e música.

A Rede de Cidades Creativas constitúe un socio privilexiado da UNESCO, tanto como plataforma de reflexión sobre o papel da creatividade en tanto que promotora do

desenvolvemento sustentable, como de laboratorio de acción para a innovación, entre outros, para a aplicación do Programa de Desenvolvemento para despois de 2015.

Santiago de Compostela pode beneficiarse do importante recoñecemento internacional que avala a inclusión na Rede de Cidades Creativas do Cinema, dada a importancia da actividade artística do cinema na nosa cidade e o actual atractivo para rodaxes nacionais e internacionais de películas, series, vídeos musicais e anuncios, ademais das posibilidades creativas e de innovación da nosa contorna, que levou a establecer unha Bonificación fiscal sobre as taxas de uso do espazo público como estudo cinematográfico e televisivo.

Esta iniciativa viría avalada por outras propostas que se desenvolven na nosa cidade desde hai anos como o Festival Internacional de CineEuropa ou Curtocircuito.

A próxima convocatoria da Rede de Cidades Creativas da UNESCO será lanzada en 2019 e para ese momento a candidatura deberá contar cos apoios institucionais e da propia sociedade civil.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1. Que o Concello de Santiago solicite á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de a Coruña, á USC, ao Centro UNESCO de Galicia, así como a outros axentes vinculados coa industria cinematográfica e cultural, a súa adhesión á candidatura de Santiago de Compostela para formar por parte da Rede de Cidades Creativas no ámbito do Cinema.
2. Confeccionar o dossier e a documentación necesaria para formalizar a candidatura de Santiago de Compostela a “Cidade Creativa do Cinema” da Rede de Cidades Creativas da UNESCO, en colaboración co Centro UNESCO de Galicia, ante a Comisión Nacional de UNESCO en Madrid, así como na sede central deste organismo en París para a vindeira convocatoria que terá lugar en 2019.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes **ACORDA instar** ao correspondente órgano de Goberno a que o concello solicite á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de a Coruña, á USC, ao Centro UNESCO de Galicia, así como a outros axentes vinculados coa industria cinematográfica e cultural, a súa adhesión á candidatura de Santiago de Compostela para formar por parte da Rede de Cidades Creativas no ámbito do Cinema; así como a confeccionar o dossier e a documentación necesaria para formalizar a candidatura de Santiago de Compostela a “Cidade Creativa do Cinema” da Rede de Cidades Creativas da UNESCO, en colaboración co Centro UNESCO de Galicia, ante a Comisión

Nacional de UNESCO en Madrid, e na sede central deste organismo en París para a vindeira convocatoria que terá lugar en 2019.

**PUNTO URGENTE.- APROBACION INICIAL DO PROXECTO DE
REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Á vista do acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na súa sesión de 11 de outubro de 2018, de aprobación inicial do proxecto de regulamento do consello municipal de accesibilidade de Santiago de Compostela; así como do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, de data 18 de outubro de 2018, e da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de 17 de outubro de 2018, relativa á resolución das enmendas formuladas ao dito proxecto do regulamento; proposta que se transcribe de seguido:

“Durante o trámite outorgado aos concelleiros membros da Comisión Informativa de Urbanismo sobre o proxecto de Regulamento que consta aprobado pola Xunta de Goberno o pasado día 11 de outubro de 2018, formuláronse as seguintes enmendas:

1. Dona Goretti Sanmartín Rei, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, propón engadir como punto 6 do artigo 4 (Funcións do Consello) o seguinte:

Emitir informe, preceptivo mais non vinculante, sobre a proposta de orzamentos en materia de accesibilidade

2. Don Francisco Reyes Santias, en representación do grupo municipal Socialista, propón:

- a) No artigo 4 (Funcións do Consello) en gadir o seguinte apartado (13):

Emitir informe de avaliación do proxecto de presupostos anuais do Concello

- b) No artigo 6 (Composición) propón incluír novos membros

Analizadas as enmendas presentadas, procede efectuar as seguintes observacións:

Primeira. En canto ao informe preceptivo ao proxecto de orzamento, é preciso considerar que o procedemento de aprobación dos orzamentos non esixe a obtención deste informe, polo que establecer a súa obrigatoriedade podería supoñer unha complicación e dilación indebida do procedemento legalmente establecido.

Cuestión distinta é que o Consello poida constituir unha Comisión de traballo que avalie os orzamentos, suposto no que o seu informe se sometería á consideración do órgano competente.

Polo exposto, conclúese que a redacción do punto 5 do artigo 4 xa garantiza que o Consello poida emitir informes de avaliación nesta materia, sen que isto supoña unha modificación do procedemento legalmente establecido.

Segunda. En canto á composición do Consello, o artigo 6 do proxecto aprobado pola Xunta de goberno xa inclúe a 1 representante da Deputación Provincial da Coruña, así como 1 representante por cada un dos colexios profesionais de Arquitectos/as e Aparelladores/as. Así mesmo, formarán parte do Consello 2 representantes veciñais designados polo Consello de Relacións Veciñais do Concello de Santiago de Compostela.

Polo tanto, admítase a proposta de incluír 1 representante por cada un dos Colexios profesionais de Arquitectos/as, Aparelladores/as ou Arquitectos/as técnicos/as, Enxeñeiros/as de Camiños, Canles e Portos e Enxeñeiros/as de Telecomunicacións.

Así mesmo, admítase a proposta de incluír ao Director Técnico da Área de Urbanismo.

En consecuencia, **propónse ao Pleno municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, adoptar o seguinte ACORDO:**

APROBAR INICIALMENTE o Proxecto do Regulamento do Consello municipal de Accesibilidade de Santiago de Compostela, coas seguintes enmendas respecto do que consta aprobado pola Xunta de goberno o día 11 de outubro de 2018

No artigo 6 (Composición) incluíranse os seguintes vogais:

-O Director técnico da Área de Urbanismo

-1 representante por cada un dos Colexios profesionais de Arquitectos/as, Aparelladores/as ou Arquitectos/as técnicos/as, Enxeñeiros/as de Camiños, Canles e Portos e Enxeñeiros/as de Telecomunicacións.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei de Bases do Réxime local, o proxecto inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo de TRINTA DÍAS, para presentación de reclamacións e suxestións.

No suposto de que non se tiveran formulado alegacións durante o citado prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen prexuízo da necesaria publicación do texto íntegro do proxecto que resulte definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia, segundo esixe o artigo 70.2 da LBRL.”

Examinadas as alegacións presentadas e a proposta do concelleiro delegado de data 17-10-18 a Comisión Municipal Informativa de Urbanismo, Infraestruturas,Vivenda,Medio Ambiente,Medio Rural e Servizos na súa sesión de 18-10-18, ditaminou o asunto propoñendo ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar inicialmente o Proxecto do Regulamento do Consello Municipal de Accesibilidade de Santiago de Compostela, coas seguintes emendas respecto do que consta aprobado pola Xunta de Goberno o día 11 de outubro de 2018:
- **No artigo 4 (Funcións do Consello) o apartado 5 quedará redactado como segue:**
 - 5. Emitir informes por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia, e, en todo caso, de avaliación do proxecto de orzamentos anuais do Concello en materia de accesibilidade.
- **No artigo 6 (Composición) incluíranse os seguintes vogais:**
 - O director técnico da Área de Urbanismo
 - 1 representante por cada un dos Colexios Profesionais de Arquitectos/as, Aparelladores/as ou Arquitectos/as técnicos/as, Enxeñeiros/as de Camiños, Canles e Portos e Enxeñeiros/as de Telecomunicacións.

Así mesmo, o apartado relativo ao secretario quedará coa seguinte redacción:

O secretario ou secretaria do Consello Municipal de Accesibilidade será o/a secretario/a xeral do Pleno da Corporación ou persoa na que delegue.

O Pleno da Corporación -previa declaración de urxencia aprobada cos votos a favor dos grupos CA,PSOE e BNG, e a abstención do PP , e polo tanto coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación- ACORDA APROBAR INICIALMENTE O PROXECTO DE REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con 15 (quince) votos a favor dos grupos CA,PSOE e BNG, e 8 (oito) abstencións do grupo Popular; e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O texto do dito Regulamento transcríbese de seguido:

“LIMIAR

A convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada polo Estado español (BOE 21/04/2008), primeiro instrumento internacional xuridicamente vinculante, establece o propósito de promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, e promover o respecto da súa dignidade inherente. As persoas con discapacidade inclúen a aquelas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo, que ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.

A Unión Europea elaborou a Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020, que proporciona un marco de acción a escala europea e nacional para abordar as distintas situacións de homes, mulleres, nenos e nenas con discapacidade. É esencial que as persoas con discapacidade participen plenamente na vida económica e social para o éxito da Estratexia no seu empeño de xerar un crecemento intelixente, sostible e integrador. O obxectivo xeral da Estratexia busca capacitar ás persoas con discapacidade para que poidan desfrutar de todos os seus dereitos e beneficiarse plenamente dunha participación na economía e a sociedade europeas, especialmente a través do mercado único. Lograra este obxectivo e asegurar unha posta en práctica efectiva da Convención en toda a Unión Europea esixe coherencia. A Estratexia identifica medidas a escala da Unión Europea complementarias a actuacións nacionais e determina mecanismos necesarios para aplicar a Convención na Unión, sen esquecer ás súas institucións. A estratexia céntrase na supresión de barreiras, polo que a Comisión identificou oito ámbitos primordiais de actuación: accesibilidade, participación, igualdade, emprego, educación e formación, protección social, sanidade e acción exterior.

A Constitución Española, no seu artigo 9.2 establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. No seu artigo 49 recolle entre os seus principios rectores da política social e económica, que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que lle prestarán a atención especializada que requiran e aos que ampararán especialmente para o gozo dos dereitos que o Título I da Constitución Española outorga a todos os cidadáns.

De acordo con este mandato constitucional, o Estado ditou a lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, que sentou as bases para a eliminación de barreiras arquitectónicas e da comunicación e a promoción da accesibilidade. Foi coa Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, coa que se desenvolve a normativa en materia de accesibilidade e coa que se amplían os ámbitos de actuación, de acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, ás telecomunicacións e sociedade da información, espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación, transportes, bens e servizos a disposición do público, relacións coas Administracións públicas, Administración de Justicia, Patrimonio Cultural, de conformidade co previsto na lexislación do patrimonio histórico.

Froito da aprobación desta Lei prodúcese unha pluralidade de normas regulamentarias que desenvolven a normativa de accesibilidade, entre as que figuran, Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade; o Real decreto 1417/2006, de 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade; Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de

accesibilidade e non-discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións; Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo; Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social; Real decreto 1612/2007, do 7 de decembro, polo que se regula o procedemento de voto accesible; Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para o acceso e a utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade; Real decreto 422/2011, do 25 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para a participación na vida política e nos procesos electorais etc.

A Lei estatal 49/20007, do 26 de decembro, establece con carácter básico, o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, con respecto aos ámbitos que corresponden regular á lexislación autonómica.

Na disposición derradeira da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade, establécese o mandato de refundición, regularización e harmonización das tres leis anteriores. Como resultado deste mandato, publícase o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Esta Lei constitúe un texto integrador, que permite recoller nun só instrumento normativo, a diversidade de disposicións existentes en materia de accesibilidade. Ademais, na súa disposición adicional terceira establece o 4 de decembro de 2017 como data límite para realizar os axustes razoables precisos para cumprir coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación.

A nivel autonómico, o Estatuto de Autonomía no seu artigo 4.2 recolle o mandato constitucional polo que se atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude. En base a este mandato foi aprobada a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro.

No ano 2008 apróbase a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que establece entre os seus obxectivos, facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopen en situación de exclusión social, garantir a vida independente e a autonomía persoal, promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

De acordo coa normativa básica estatal, a Comunidade autónoma de Galicia dita a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, que ten como obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos respecto dos contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como a relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autonómico e natural posible.

Tal e como establece do Regulamento de Participación cidadá do Concello de Santiago (BOP, 9 de xaneiro de 2009), o dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, a participación cidadá, constitúe parte inseparable da sociedade democrática. A participación veciñal e, en xeral de toda a base da sociedade, é necesaria para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e favorece a participación activa de todas as persoas.

O Concello de Santiago consciente da problemática existente en materia de accesibilidade considera necesaria a creación, de acordo co artigo 29 e seguintes do seu Regulamento de Participación cidadá, dun Consello municipal de Accesibilidade para fomentar a participación, a mellora da información, da transparencia na xestión e da interlocución coa cidadanía.

Artigo 1.- Creación

Créase o Consello Municipal de Accesibilidade do Concello de Santiago de Compostela, coas atribucións, estrutura e funcionamento determinados no presente regulamento.

Artigo 2.- Natureza e réxime xurídico

O Consello Municipal de Accesibilidade é un órgano colexiado de participación, de carácter consultivo non vinculante, de participación sectorial que forma parte da organización complementaria municipal, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón o artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 1 e 69 da LBRL, e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela; sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

De conformidade coas determinacións legais citadas no parágrafo anterior e no artigo 130 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e no Título IV do Regulamento de Participación Cidadá, terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas coa accesibilidade. En consecuencia, configúrase como órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

Artigo 3.- Ámbito

As funcións a desenvolver polo Consello Municipal de Accesibilidade circunscribíense territorialmente ao termo municipal de Santiago de Compostela.

Artigo 4.-Funcións do Consello

Serán funcións do Consello as seguintes:

1. Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no desenvolvemento da política de accesibilidade do Concello de Santiago, en orde a acadar acordos ao respecto.
2. Propor aos órganos municipais competentes criterios de actuación na liña de desenvolvemento da política de accesibilidade e participar no seguimento da xestión municipal.
3. Informar e ser informado sobre asuntos específicos en materia de accesibilidade e propoñer alternativas concretas aos problemas existentes na área de mobilidade para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.
4. Ser informado dos ditames aprobados polas respectivas comisións informativas, e das resolucións e acordos do Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno Local, concretamente da concellaría competente, respecto daqueles temas relacionados co seu obxecto específico.
5. Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia e, en todo caso, de avaliación do proxecto de orzamentos anuais do Concello en materia de accesibilidade.
6. Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos correspondentes.
7. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.
8. Constituírse en órgano de consulta nos procesos de elaboración das disposicións normativas de ámbito municipal neste eido e, en xeral, nos asuntos de transcendencia para a accesibilidade do Concello.
9. Presentar anualmente unha memoria informe da súa actuación.
10. Establecer canles de relación con outras administracións e organizacións relacionadas coa accesibilidade.
11. Promocionar a participación das persoas con discapacidade na vida social da cidade de Santiago de Compostela, fomentando o asociacionismo, o voluntariado e a cooperación social neste ámbito.
12. Fomentar a protección e a promoción da calidade de vida das persoas con discapacidade da Cidade.

Artigo 5.- Estrutura

O Consello Municipal de Accesibilidade do Concello de Santiago de Compostela organízase en Pleno e as Comisións de traballo que se constitúan.

Artigo 6.-Composición

1. O Pleno do Consello Municipal de Accesibilidade quedará integrado pola Presidencia, Vicepresidencia, vogais e secretario ou secretaria.

- a) Presidencia: o Alcalde ou Alcaldesa-Presidente/a ou quen legalmente o substitúa.
- b) Vicepresidencia: o concelleiro ou concelleira delegada competente en materia de accesibilidade.
- c) Vogais:
 - Director Técnico do Área de Urbanismo
 - 1 Representante de cada un dos grupos municipais presentes na Corporación, nomeados polo Pleno.
 - 2 representantes veciñais que serán designados polo Consello de Relacións Veciñais do Concello de Santiago de Compostela.
 - Os concelleiros ou concelleiras ou persoa en quen deleguen das seguintes áreas:
 - Parques e Xardíns
 - Seguridade, Tráfico e Transportes
 - Políticas Sociais
 - Vías e Obras
 - Urbanismo
 - Representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas, inscritas no Rexistro correspondente, ata un máximo de dez, repartidos para que garantice a representatividade, da seguinte forma:
 - 2 representantes do sector das discapacidades sensoriais.
 - 3 representantes do sector das discapacidades psíquicas, cognitivos ou de desenvolvemento e autismo.
 - 4 representantes do sector das discapacidades físicas.
 - 1 representantes do sector das enfermidades mentais.
 - 2 representantes da Administración autonómica:

- 1 representante da Delegación provincial da Consellería de Política Social.
- 1 representante da Delegación provincial da Consellería Infraestruturas e Vivenda.
- 1 representante da Deputación Provincial da Coruña.
- 1 representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- 1 representante por cada un dos colexios profesionais de Arquitectos/as, Aparelladores/as, Psicólogos/as, Enxeñeiros/as de Camiños, Canles e Portos, Enxeñeiros/as de Telecomunicacións e Informáticos/as.
- 1 experto ou experta en accesibilidade, designado/a polo Pleno do Consello Municipal de Accesibilidade.
- O secretario ou secretaria do Consello Municipal de Accesibilidade será o/a Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno da Corporación ou persoa na que delegue.

Os/as integrantes do Pleno do Consello serán nomeados polo/a Presidente ou Presidenta ao principio do mandato e para a duración deste, podendo cada unha das entidades representadas propoñer a designación de titulares e suplentes así como efectuar e propoñer a substitución das persoas designadas nese período.

Os/as integrantes do Consello Municipal de Accesibilidade que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a súa condición no momento en que se produza o cese como representantes dos seus respectivos colectivos.

Ás sesións plenarias do Consello Municipal de Accesibilidade poderán asistir aqueles ou aquelas especialistas, técnicos ou técnicas e personalidades que se considere necesario. A súa participación será con voz pero sen voto.

No nomeamento dos e das integrantes do Consello terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos sexos na súa composición. Así como o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade entre homes e mulleres.

Artigo 7.-Presidencia

A presidencia do Consello Municipal de Accesibilidade será exercida polo Alcalde ou Alcaldesa-Presidente/a da Corporación ou concelleiro/a no que delegue. Terá as seguintes atribucións:

1. Ostentar a representación do Consello.
2. Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta no seu caso as peticións dos ou das demais integrantes formuladas por escrito e coa suficiente antelación.

3. Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
4. Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello.
5. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Municipal de Accesibilidade.
6. Nomear aos/ás integrantes do Pleno de acordo coas propostas das organizacións representadas no Consello Municipal.
7. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente ou presidenta.

Artigo 8.- Secretario/a

O/a secretario ou secretaria do Consello Municipal de Accesibilidade será o/a Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno da Corporación ou persoa funcionaria na que delegue.

Terá, entre outras atribucións, a de preparar as ordes do día, realizar as correspondentes convocatorias, levantar acta das sesións dos órganos do Consello Municipal de Accesibilidade, custodiar as mesmas, expedir certificacións dos acordos adoptados e aquelas outras que sexan propias do seu labor de secretario ou secretaria, de acordo coa lexislación vixente.

Asistirá ás reunións do Pleno e das Comisións de Traballo do Consello Municipal de Accesibilidade con voz pero sen voto.

Artigo 9.- Comisións de traballo

De existiren, estarán integradas polo/ Presidente ou Presidenta ou persoa en quen delegue, e aqueles/as integrantes que o Pleno do Consello designe en cada caso, coa asistencia da persoa que exerce a secretaría. Delas formarán parte necesariamente un ou unha representante de cada un dos grupos políticos presentes na Corporación.

Os acordos das Comisións adoptaranse por consenso e, de non ser isto posible, trasladaranse ao Pleno do Consello todas as propostas existentes, indicando en todo caso os apoios de cada unha delas.

Artigo 10.- Réxime de sesións

O Pleno do Consello Municipal de Accesibilidade reunirase, en sesión ordinaria, alomenos unha vez cada tres meses e, con carácter extraordinario, previa convocatoria do/a Presidente ou Presidenta ou solicitude por escrito e coa debida antelación da terceira parte da totalidade dos e das súas integrantes.

Artigo 11.- Funcionamento

O funcionamento do Consello rexerase polo disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O voto dos e das integrantes do Pleno do Consello será persoal e indelegable, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares que deberán xuntarse á resolución correspondente.

Artigo 12.- Adopción de acordos

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. O voto do/a Presidente ou Presidenta nos casos de empate non terá carácter dirimente.

Artigo 13.- Sede

Se garantizará que os locais nos que se realicen as sesións ou Comisións de traballo do Consello sexan axeitados e cumbran coa normativa vixente en materia de accesibilidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Consello Municipal de Accesibilidade constituirase no prazo máximo de tres meses desde a publicación do presente regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e entrará en vigor transcorrido o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

13.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DO ANO 2017.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do decreto de 29 de xuño de 2018, da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración-Alcaldesa en funcións polo que se aproba a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2017.

14.- DAR CONTA DE NOMEAMENTO DE SECRETARIO XERAL DO PLENO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da Resolución de 13 de setembro de 2018, da Dirección Xeral da Función Pública, polo que se publica a adxudicación do posto de traballo reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional polo sistema de libre designación, pola que se nomea como Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela a Don José Ramón Alonso Fernández.

15.- DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E CONDECORACIÓNS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de Títulos, Honras e Condecoracións.

16.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 14 de agosto e o 26 de setembro de 2018, números 5719 ao 6609.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Nº 67, da sesión ordinaria de data 24 de agosto de 2018.

Nº 68, da sesión extraordinaria-urxente de data 27 de agosto de 2018.

Nº 69, da sesión ordinaria de data 31 de agosto de 2018.

Nº 70, da sesión ordinaria de data 7 de setembro de 2018.

Nº 71, da sesión extraordinaria-urxente de 13 de setembro de 2018.

Nº 72, da sesión ordinaria de 14 de setembro de 2018.

Nº 73, da sesión ordinaria de 21 de setembro de 2018.

Nº 74, da sesión extraordinaria –urxente de data 26 de setembro de 2018.

17.- ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal do BNG de data 8 de outubro de 2018, núm. 247.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 8 de outubro de 2018, núm. 250.
- Do grupo municipal do BNG de data 9 de outubro de 2018, núm. 255.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 258.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 259.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 260.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 261.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 262.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 9 de outubro de 2018, núm. 263.

Preguntas resposta por escrito:

- Do grupo municipal do BNG de data 19 de setembro de 2018, núm. 244.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 8 de outubro de 2018, núm. 253.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 9 de outubro de 2018, núm. 254.

18.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 245, presentada polo grupo municipal do BNG, para atallar a situación de acoso que padecen as mulleres no Campus.

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a atallar a situación de acoso que padecen as mulleres nos campus universitarios da USC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os campus universitarios, especialmente na contorna da residencia do Monte da Condesa e dos colexios maiores, sofren dun problema de falta de iluminación durante a noite que provoca inseguranza entre as persoas que teñen que transitar este espazo, principalmente mulleres estudantes que con frecuencia se senten acosadas polo ambiente hostil que alí se crea.

No Mapa do Medo elaborado por unha estudante da Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo detállanse casos de acoso, humillacións, tocamientos, insultos, vexacións e intentos de violación que acontecen nesta zona, así como noutras da cidade de Santiago de Compostela. Este proxecto naceu coa idea de visibilizar os casos de

agresión sexual ocorridos en espazos públicos, para plasmar o que acontece en ocasións cando unha muller vai soa pola rúa e amosar graficamente que non son casos illados. Na actualidade están cartografados e xeolocalizados emprazamentos onde moitas mulleres sufriron casos de violencia de xénero.

Tamén as organizacións estudantís, colectivos e plataformas feministas teñen recollidos numerosos casos de agresións e mesmo violacións neste ámbito, das que unha minoría constan como denuncias. A Comisión de Queixas e Suxestións recibiu, ademais, diversos escritos para reclamar medidas que garantan a seguranza nos campus por parte da administración municipal.

Os relatos das mozas que viven nestas residencias revelan que adoitan conformar grupos para evitar o terror que sofren acotío se van soas despois das 20:00 horas, ante a existencia de agresores que usan as sebes para espreitar e atacar as posíbeis vítimas que camiñan pola zona. Así reducen a posibilidade de sufriren, como cando van soas, comportamentos ou actitudes de natureza sexual, acenos con connotacións sexuais que resultan ofensivos, humillantes, degradantes, molestos, hostís e intimidatorios. Relatan tamén a existencia de contacto físico de carácter sexual non desexado ou acenos ofensivos, con intimidacións como sobar, acurralar, rozar co corpo e presenciar masturbacións. Están fartas de seren vítimas de insinuacións e propostas sexuais molestas, comentarios obscenos e con contido libidinoso.

As mulleres deberan ter o dereito á mobilidade segura na cidade que habitan ou estudan e correspóndelles ás administracións en colaboración coas institucións universitarias, neste caso, adoptar as medidas necesarias para frear esta situación co fin de que non vexan limitada a súa autonomía para asistir a actividades, practicar deporte, pasear e estar ao aire libre, sexa día ou noite, sen estaren condicionadas pola escuridade e o medo a seren agredidas sexualmente.

Cómpre, polo tanto, dar un paso máis despois de visibilizar o rexeitamento á violencia como se fixo coa campaña “Compostela en negro” e pasar a actuar desde a administración onde se teñen detectado estas zonas de acoso e agresións para proporcionar unha contorna segura e incorporar os valores de igualdade, respecto, dignidade e liberdade na acción práctica das políticas dos departamentos de Espazos Cidadáns e de Muller, co fin de contribuír a erradicar a violencia machista que é a expresión máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres en Santiago de Compostela.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa USC, acondicionará e iluminará os lugares detectados que entrañan perigo para evitar as situacións de acoso

sexual que se producen nos campus universitarios, co obxectivo de avanzar no dereito á mobilidade segura.

O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa USC e colectivos feministas, realizará unha campaña de sensibilización para disuadir destes comportamentos ofensivos contra as mulleres, instalará paneis cos números de teléfono de atención á violencia machista e emerxencias, ademais de prestar apoio e asistencia específica a persoas que padezan situacións de acoso e agresión sexual neste ámbito. “

Tras o debate da moción transcrita, procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros/as presentes ACORDA que o concello de Santiago, en colaboración coa USC, acondicionará e iluminará os lugares detectados que entrañan perigo para evitar as situacións de acoso sexual que se producen nos campus universitarios, co obxectivo de avanzar no dereito á mobilidade segura; así como, en colaboración coa USC e colectivos feministas, realizará unha campaña de sensibilización para disuadir destes comportamentos ofensivos contra as mulleres, instalará paneis cos números de teléfono de atención á violencia machista e emerxencias, ademais de prestar apoio e asistencia específica a persoas que padezan situacións de acoso e agresión sexual neste ámbito.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 246, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamarlle á Xunta as necesidades de incremento de profesorado no CEIP de Roxos.

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a trasladarlle á Xunta a demanda da comunidade educativa do CEIP de Roxos para asignar máis profesorado co fin de poder desenvolver o proxecto educativo deste centro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación de nais e pais do Centro de ensino de infantil e primaria de Roxos emprendeu mobilizacións co obxectivo de reclamar máis profesorado por mor da masificación dunha das aulas, que conta con 27 escolares e varios casos de necesidades educativas especiais.

Co fin de que dispor dunha escola inclusiva e de calidade consideran necesaria dotala dos recursos humanos e materiais necesarios para atender de xeito acaído as crianzas con diversidade funcional coa pretensión de favorecer a súa integración na aula para que isto sexa enriquecedor para o alumnado no seu conxunto.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela apoia as reivindicacións da ANPA do CEIP de Roxos e trasládalle á Xunta a demanda da comunidade educativa para asignar máis profesorado co fin de poder desenvolver en boas condicións o seu proxecto educativo.”

Tras o debate da moción transcrita,procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais do PSOE,BNG e CA,e 8 abstencións dos concelleiros presentes do grupo municipal do PP,ACORDA apoiar as reivindicacións da ANPA do CEIP de Roxos e trasládarlle á Xunta a demanda da comunidade educativa para asignar máis profesorado co fin de poder desenvolver en boas condicións o seu proxecto educativo.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 251, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para mellorar o estado do firme dos viais da Ruela e da Travesa de Conxo.

“Unha vez máis, os membros o Grupo Municipal Socialista recibiron chamadas da veciñanza da Ruela e da Travesa de Conxo de Abaixo. A maleza invade literalmente os viais e o mal estado do firme xa foi posto en coñecemento do grupo de goberno ata en dúas ocasións por parte deste grupo municipal e, nesta liña, instou de novo ao goberno de Compostela Aberta a poñer fin a estes problemas.

Os accesos a algunhas das vivendas situadas na contorna da rotonda de Conxo é especialmente preocupante, dado que alí viven persoas con problemas de mobilidade e precisase a urbanización do camiño de acceso que atravesa este núcleo formado por arredor dunhas dez vivendas e que comunica con servizos tales como o centro hospitalario, establecementos de alimentación ou o centro sociocultural, así como limpeza e desbroce. Coincide, ademais, que estas casas quedaron xa moi afectadas despois das obras executadas na rotonda, por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal teña a ben mellorar o estado do firme dos viais da Ruela de Conxo e da Travesa de Conxo, así como proceder á limpeza da maleza que invade todos os viais da contorna.”

Tras o debate da moción transcrita, procédese a súa votación.



O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros/as presentes ACORDA mellorar o estado do firme dos viais da Ruela de Conxo e da Travesa de Conxo, así como proceder á limpeza da maleza que invade todos os viais da contorna.

Rexistro de entrada do día 8 de outubro de 2018, núm. 252, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para recuperar o proxecto do ascensor da Almaciga.

“No ano 2010 dentro do Plan Urbana Norte o goberno socialista aprobou un proxecto para o barrio da Almaciga coa fin de mellorar a mobilidade da veciñanza que cada día transita por ese ámbito.

O proxecto consistía na instalación dun ascensor público ao aire libre para salvar o desnivel entre a Almaciga e a praza de Díaz Baliño (San Caetano) e cuxa inversión se situaba no entorno do medio millón de euros.

Este proxecto, consensuado no seu día coa veciñanza, e que resulta de especial interese para eliminar a barreira que supoñen as costas ata a Almaciga para as persoas maiores ou aquelas con algún problema de mobilidade, foi paralizado polo goberno municipal do PP e segue a dormir nun caixón durante este mandato de CA, polo que o Grupo Municipal Socialista, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal recupere o proxecto do ascensor da Almaciga e se incorpore ás infraestructuras a executar nos orzamentos do vindeiro ano 2019.”

Tras o debate da moción transcrita procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación, por 5 votos a favor dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PSOE e o BNG, e con 18 abstencións dos concelleiros presentes dos grupos municipais do PP e de CA, ACORDA que o goberno municipal recupere o proxecto do ascensor da Almaciga e se incorpore ás infraestructuras a executar nos orzamentos do vindeiro ano 2019.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 256, presentada polo grupo municipal do BNG, en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a apoiar as persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente dúas horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;

- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigente e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.

5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.”

Tras o debate da moción transcrita procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos concelleiros presentes dos grupos municipais de CA,PSOE e BNG, e 8 abstencións dos concelleiros presentes do grupo municipal do PP, ACORDA o seguinte:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.

5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 257, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación dos terreos do antigo campo de fútbol do Valado-Barciela.

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos un terreo de aproximadamente 7.500 metros cadrados situado nas proximidades do lugar do Valado, na parroquia da Barciela, permanece na súa maior parte en estado de abandono, cheo de silvas e xestas. O lugar chama a atención desde lonxe pola existencia de catro altas torres de iluminación enferruxadas que testemuñan o seu antigo uso como campo de fútbol. Era o popularmente coñecido como “Catro Ventos”, onde xogaba o equipo de Sigüeiro ata que o Concello de Oroso construíu unhas novas instalacións no seu propio termo municipal.

Co paso dos anos e a falta de actividade, o terreo da Barciela foi converténdose nun mato no que hoxe, ademais das citadas torres de iluminación, apenas se distingue unha das porterías, case engulida pola vexetación, e as ruinosas instalacións que noutroza foron vestiarios e almacén, tal e como se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña. Unicamente unha pequena franxa de terreo mostra sinais de unha mínima atención, probablemente por parte dalgunha persoa veciña que obtén algún beneficio.

Nunha recente estadía nas proximidades deste lugar, varios veciños fixéronos chegar a súa preocupación polo abandono que presenta e a mágoa de non darlle unha utilidade a este terreo, tendo en conta a súa cualificación urbanística –figura como “equipamento” no vixente PXOM- e a súa situación, rodeado en dous dos seus laterais por unha pista asfaltada pola que discorre o Camiño Inglés a Santiago.

Pola información que dispoñemos, este terreo é de propiedade particular (ao parecer foi cedido ao seu día ao equipo de fútbol de Sigüeiro), polo que calquera actuación inicialmente corresponderíalle, loxicamente, aos seus lexítimos propietarios.

Todos estas razóns lévannos a presentar, para a súa consideración polo conxunto da Corporación, a adopción do seguinte

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se contacte coa persoa ou entidade propietaria da citada parcela situada na Barciela, que noutro tempo se utilizou como campo de fútbol e que hoxe permanece abandonada, a fin

de acadar a súa limpeza, sen renunciar á posibilidade de establecer algún convenio ou acordo para o seu acondicionamento e a obtención dun uso público desa superficie en beneficio da veciñanza.”

Tras o debate da moción transcrita,procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación,por unanimidade dos concelleiros/as presentes ACORDA que polo correspondente órgano do Goberno municipal se contacte coa persoa ou entidade propietaria da citada parcela situada na Barciela, que noutro tempo se utilizou como campo de fútbol e que hoxe permanece abandonada, a fin de acadar a súa limpeza, sen renunciar á posibilidade de establecer algún convenio ou acordo para o seu acondicionamento e a obtención dun uso público desa superficie en beneficio da veciñanza.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 264, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar á Xunta de Galicia á construción dun novo estacionamento público nas inmediacións do CHUS.

O concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, Jorge Duarte Vázquez, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

LIMIAR

No pasado mes de setembro cumpríronse 19 anos da posta en funcionamento do Hospital Clínico Universitario de Santiago. Despois de máis de seis anos de obras foi a primeiros de setembro de 1999 cando o Clínico comezou a funcionar e iniciando a transformación urbanística da Choupana e Santa Marta. Nos anos posteriores o desenvolvemento da zona xirou ao redor deste impresionante edificio e das súas construcións anexas. Construíuse a Avenida de Barcelona, un estacionamento soterrado e diferentes ampliacións e edificios anexas ao propio Hospital. O clínico, integrado no Complexo Universitario de Santiago (CHUS), dá servizo a unha área de poboación de case 400.000 habitantes, ao que hai que incluír toda a poboación flotante e visitantes que soporta a nosa cidade.

Xa nesa construción inicial o Concello de Santiago foi peza clave cedendo os terrenos para a construción, por parte da administración galega, do actual estacionamento do Hospital. Asimesmo, administración local, a través da empresa municipal de transporte TUSSA, ofrece conexións coas liñas 1, 12, C2 e C4 do autobús urbano. Ademais realizouse unha ampliación liña 1 para que conectar o Hospital directamente co aparcadoiro municipal da Volta do Castro.

No ano 2017, o alcalde de Santiago trasmitiulle ao conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, a disposición do Concello para colaborar nas ampliacións e reformas dos hospitais que fan parte do CHUS, resaltando a necesidade da búsqueda dunha solución aos problemas de espazo para estacionar.

A partir deste primeiro contacto o Concello iniciou unha interlocución directa coa veciñanza e o tecido asociativo da Choupana e Santa Marta no que se recolleu unha serie de queixas e necesidades entre as que destaca a problemática arredor da ampliación e reordenación do estacionamento do Hospital Clínico. A Concellaría de Espazos Cidadáns trasladou todas estas necesidades á xerencia do CHUS nunha xuntanza mantida o seis de abril do 2017, chegando a unha serie de acordos para a mellora da mobilidade e o estacionamento na zona garantindo a accesibilidade peonil.

Seguindo o acordado nesa reunión o Concello xa modificou o PXOM para permitir a ubicación dun estacionamento de catro plantas baixo un espazo público, na parcela sita xunto ao CIMUS que dea servizo ao centro hospitalario. Sen recibir novas concretas sobre os avances que se trataron, o pasado dezaséis de abril solítase nova xuntanza coa Xerencia do CHUS, reiterada o tres de agosto ante a falta de comunicación coa concellaría.

Por todo isto, e sen que a día de hoxe a Xerencia retomara o diálogo en torno a ampliación e reordenación do aparcadoiro do CHUS, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

- 1.Urxir á Xerencia do CHUS que realice os trámites pertinentes para a ampliación e reordenación do aparcadoiro do Hospital Clínico, impedindo o aparcamento en beirarrúas e garantindo a accesibilidade, mantendo o diálogo e acordo co Concello de Santiago.
- 2.Solicitar á Xerencia do CHUS que complete o estudo que acordou elaborar sobre as necesidades de estacionamento, cuantificando a demanda de traballadores/as e as demandas das persoas usuarias, diferenciando entre períodos de ocupación ao longo do día.
- 3.Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos próximos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para realizar a construción do novo parking público que dé servizo ao Hospital Clínico.
- 4.Dar traslado dos seguintes acordos ao Parlamento de Galicia e a todos os grupos parlamentares nel representado”

A emenda a moción transcrita, presentada polo grupo municipal do PP non foi aceptada.

Tras o debate da moción transcrita, procédese a súa votación.

O Pleno da Corporación, por 10 votos a favor dos concelleiros/as presentes do grupo municipal de CA, e 13 abstencións dos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, PSOE e BNG, ACORDA o seguinte:

1.- Urxir á Xerencia do CHUS que realice os trámites pertinentes para a ampliación e reordenación do aparcadoiro do Hospital Clínico, impedindo o aparcamento en beirarrúas e garantindo a accesibilidade, mantendo o diálogo e acordo co Concello de Santiago.

2 Solicitar á Xerencia do CHUS que complete o estudo que acordou elaborar sobre as necesidades de estacionamento, cuantificando a demanda de traballadores/as e as demandas das persoas usuarias, diferenciando entre períodos de ocupación ao longo do día.

3 Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos próximos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para realizar a construción do novo parking público que dé servizo ao Hospital Clínico.

4. Dar traslado dos seguintes acordos ao Parlamento de Galicia e a todos os grupos parlamentares nel representado.

Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2018, núm. 265, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en relación á creación dun centro de tecnificación dos deportes de raqueta en San Lázaro.

A concelleira de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal, Noa Morales Sánchez, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

LIMIAR

Santiago de Compostela carece de instalacións públicas para a práctica de bádminton, squash e tenis de mesa a pesar dos numeros éxitos deportivos que estas modalidades deportivas teñen alcanzado nos últimos anos na nosa cidade. Mostra deste éxito son os numerosos campionatos de Borja Golán en Squash ou a recoñecida traxectoria do Arteal tenis de mesa tanto en liga como en competicións europeas.

Coñecedor desta demanda, a principios do ano pasado, o alcalde de Santiago, e despois de manter unha interlocución cos representantes das tres federacións galegas destes deportes, anunciou o compromiso de impulsar a creación dun centro de tecnificación dos deportes de raqueta. Nesta liña, o departamento de deportes encargou un primeiro anteproxecto da 'cidade da raqueta' e consensuou co departamento de urbanismo a súa futura localización no Contorno do Estadio Municipal de San Lázaro. O anteproxecto

foi comunicado aos representantes das tres federacións deportivas así como á secretaría xeral para o deporte da Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña. A propia presidencia do goberno galego recibiu a principios deste ano unha copia completo do anteproxecto con todos os detalles do mesmo. Asimesmo o alcalde presentoulle a iniciativa, nunha xuntanza en Madrid, ao Consello Superior de Deportes para solicitar a súa colaboración no mesmo. O obxectivo é impulsar entre todas as administracións un novo equipamento deportivo, con unha alta demanda, e que daría servizo non só a Compostela, senón ao conxunto do país.

A “Cidade da Raqueta” busca solucionar esa carencia de equipamentos específicos para a práctica destes deportes en Santiago incluíndo espazos para oficinas, aulas de formación, salas sanitarias zona residencias, etc. Estamos diante dun proxecto de cidade que poderá acoller todo tipo de competicións locais e escolares así como probas e certames de carácter estatal ou mesmo internacionais, tanto a nivel de clubs como seleccións. Un centro que sexa de tecnificación deportiva e que conte coa posibilidade de residencia temporal para deportistas.

Para cumprir coas demandas das tres federacións o Concello de Santiago asumiu realizar as modificacións necesarias no Plan Especial deportivo de San Lázaro para que ese centro sexa realidade. En xuño do 2018 a Xunta de Goberno aprobou a remisión á Xunta de Galicia da solicitude para iniciar a avaliación ambiental previa á modificación do Plan en relación coa parcela na que se localizarán as instalacións. Esta modificación responde á integración dos volumes de construción previsto no anteproxecto e suporá ademais a ampliación das zonas verdes. Unha vez remitida a solicitude, a Xunta de Galicia ten un prazo de tres meses para remitir o seu informe de avaliación ambiental e posteriormente abrir o prazo de presentación de alegacións.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Requerir á Xunta de Galicia para que remita o informe de avaliación ambiental que permita continuar a avanzar e completar a modificación necesaria do PXOM de Santiago.

1. Solicitar á Deputación da Coruña que, seguindo coa súa boa disposición a comprometerse co proxecto, contemple e incorpore nos próximos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para iniciar as obras da ‘Cidade da raqueta’ en Santiago.
2. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos próximos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para iniciar as obras da ‘Cidade da raqueta’ en Santiago.
3. Urxir a ambas administracións, provincial e galega, así como ao CSD a asinar o convenio que permita a construción en Santiago destas instalacións.

4. Dar traslado dos seguintes acordos ao Parlamento de Galicia e a todos os grupos parlamentares nel representado.”

Non se acepta a emenda presentada polo grupo municipal do BNG.

Acéptase a emenda presentada polo grupo municipal do PP.

O Pleno da Corporación por 20 votos a favor dos grupos municipais do PP,CA e BNG e 3 abstencións do PSOE ACORDA o seguinte:


“LIMIAR

Santiago de Compostela carece de instalacións públicas para a práctica de bádminton, squash e tenis de mesa a pesar dos numerosos éxitos deportivos que estas modalidades deportivas teñen alcanzado nos últimos anos na nosa cidade. Mostra deste éxito son os numerosos campionatos de Borja Golán en Squash ou a recoñecida traxectoria do Arteal tenis de mesa tanto en liga como en competicións europeas.

Coñecedor desta demanda, a principios do ano pasado, o alcalde de Santiago, e despois de manter unha interlocución cos representantes das tres federacións galegas destes deportes, anunciou o compromiso de impulsar a creación dun centro de tecnificación dos deportes de raqueta. Nesta liña, o departamento de deportes encargou un primeiro anteproxecto da ‘cidade da raqueta’ e consensuou co departamento de urbanismo a súa futura localización no Contorno do Estadio Municipal de San Lázaro. O anteproxecto foi comunicado aos representantes das tres federacións deportivas así como á secretaría xeral para o deporte da Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña. A propia presidencia do goberno galego recibiu a principios deste ano unha copia completa do anteproxecto con todos os detalles do mesmo. Asimesmo o alcalde presentoulle a iniciativa, nunha xuntanza en Madrid, ao Consello Superior de Deportes para solicitar a súa colaboración no mesmo. O obxectivo é impulsar entre todas as administracións un novo equipamento deportivo, con unha alta demanda, e que daría servizo non só a Compostela, senón ao conxunto do país.

A “Cidade da Raqueta” busca solucionar esa carencia de equipamentos específicos para a práctica destes deportes en Santiago incluíndo espazos para oficinas, aulas de formación, salas sanitarias zona residencias, etc. Estamos diante dun proxecto de cidade que poderá acoller todo tipo de competicións locais e escolares así como probas e certames de carácter estatal ou mesmo internacionais, tanto a nivel de clubs como seleccións. Un centro que sexa de tecnificación deportiva e que conte coa posibilidade de residencia temporal para deportistas.

Para cumprir coas demandas das tres federacións o Concello de Santiago asumiu realizar as modificacións necesarias no Plan Especial deportivo de San Lázaro para que ese centro sexa realidade. En xuño do 2018 a Xunta de Goberno aprobou a remisión á



CONCELLO DE SANTIAGO

Xunta de Galicia da solicitude para iniciar a avaliación ambiental previa á modificación do Plan en relación coa parcela na que se localizarán as instalacións. Esta modificación responde á integración dos volumes de construción previsto no anteproxecto e suporá ademais a ampliación das zonas verdes. Unha vez remitida a solicitude, a Xunta de Galicia ten un prazo de tres meses para remitir o seu informe de avaliación ambiental e posteriormente abrir o prazo de presentación de alegacións.

Por todo isto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Solicitalle á Xunta de Galicia a máxima axilidade na evacuación dos informes sectoriais precisos para a tramitación da modificación do PXOM necesaria para a implantación da Cidade da Raqueta.**
- 2.- Requiritr ao órgano correspondente do Concello para elaborar e facilitarlle á Corporación un estudo da viabilidade técnica e económica do funcionamento da Cidade da Raqueta co obxecto de garantir a súa sostibilidade e viabilidade.**
- 3.- Instar á Administración central (CSD), á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia a concretar os apoios económicos necesarios para a execución da Cidade da Raqueta, de acordo co estudo técnico financeiro elaborado polo Concello, no que tamén se inclúa a súa achega económica.”**

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 20:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández